

Pola contra, os centros de día xa son servizos específicos de atención para rehabilitación de persoas que dependan doutras.

Por último, temos a posibilidade de optar a residencias para persoas con discapacidades graves que precisan atención integral e non poden ser atendidos no medio familiar. Nestes últimos casos é importante ter recoñecido o grao de dependencia para poder optar ao servizo gratuitamente.

Agora ben, como podemos optar a estes recursos e quen nos axuda a saber cales son os mellores opcións para nós? Neste caso, a orientación que estamos a ofrecer é básica e normalmente son as asociacións as que teñen contacto con empresas e negocios e o mundo laboral, namentres nós nos centramos no eido educativo. O consello dende o departamento de orientación é o de acudir aos servizos de orientación da asociación que teñan de referencia (ASPNAIS, COGAMI...). En caso de non tela, ofrecemos esta información de FADEMGA en Lugo por si é de interese.

FADEMGA é unha federación de asociacións a favor das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento. En Lugo ten servizo de orientación gratuíto, se ben hai que darse de alta. Tamén teñen outros servizos opcionais, como a preparación de oposicións, que son de pago. No caso de estar interesado en orientación con eles débese pedir cita previa no teléfono 982.265.436. Están na Casa das Asociacións na avenida Infanta Elena, 11, na cidade de Lugo.

Se a idea é acceder ao mercado laboral, é mellor levar a seguinte documentación para gañar tempo:

- DNI
- Tarxeta de demandante de emprego (hai que pedila na oficina de emprego correspondente, e alí esixirán o DNI do/a interesado/a e en caso de incapacidade a autorización dos titores legais).
- Certificado de discapacidade completo.
- Títulos de formación, de existir.
- Outra documentación relacionada (sentencias sobre a capacidade).



982.829.220



Rúa da Luz, 1 (Lugo)



cee.santamaria@edu.xunta.gal



www.edu.xunta.gal/centros/ceesantamaria/



TEÑO 21 ANOS, E AGORA QUE?

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN
CEE SANTA MARÍA



OPCIÓN DE FUTURO PARA O ALUMNADO UNHA VEZ FINALIZADA

A SÚA ESCOLARIZACIÓN

A primeira cuestión á que temos que enfrontarnos é a de pensar, axustándonos ás expectativas, cales son as posibilidades máis adecuadas que se nos ofrecen. Por un lado teremos que valorar a posibilidade de acceso ao mercado laboral e, polo outro, á posibilidade de acceso a un apoio asistencial.

INCORPORACIÓN AO MERCADO LABORAL

Dispoñemos de tres opcións:



No primeiro nivel está o traballo en centros ordinarios. Algunhas empresas, negocios... ofrecen traballo a persoas que teñen algunha discapacidade. É un traballo remunerado en condicións ordinarias e normalmente a empresa recibe incentivos por facelo. Podemos dicir que é a forma máis inclusiva. Para acceder a este tipo de traballo teremos que ter en conta se temos posibilidades de desenvolver ese traballo satisfactoriamente.

Tamén no primeiro nivel está o traballo temporal. A situación é a mesma pero neste caso trátase de ofertas de traballo cunha duración determinada. No segundo nivel atopamos o traballo protexido, que son ofertas de emprego unicamente accesibles para persoas con algún tipo de discapacidade. As oposicións son unha boa opción en determinados contextos, pero temos que pensar que aprobar unha oposición sempre é duro e precisamos contar con preparación.

Pola outra banda, os centros especiais de emprego son espazos creados para dar traballo a persoas con discapacidade. A idea é a de facilitar a integración laboral e dar formación e apoio persoal. Ao tratarse de traballo personalizado permanecemos nun ambiente algo menos inclusivo que se estamos nunha empresa ordinaria, pero é un espazo importante para a formación e trátase dun traballo remunerado.

No seguinte enderezo pódense consultar os centros especiais de emprego de Galicia, na Web da Consellería de Emprego e Igualdade (non sempre funciona esta páxina):

https://emprego.xunta.gal/lrpro/web/av_cee/

No último nivel falaremos dunha parte máis asistencial. Os centros ocupacionais son centros que desenvolven unha actividade asistencial para persoas que polas súas características non poidan acceder a un emprego ordinario ou protexido. O seu obxectivo é promover o desenvolvemento de competencias e habilidades, ensinando ás persoas con discapacidade actividades que favorezan o seu posterior acceso a un posto de traballo (encadernación, carpintería, costura, cerámica...). Só representan un recurso permanente cando o grao de afectación é tal, que a persoa con discapacidade non pode acceder a outro tipo de emprego.

